# XXV TROFEO VIRGEN PEREGRINA

# XCII OPEN AUTONÓMICO
## DE
# BILLAR A TRES BANDAS

## Homenaxe "XOSE LUIS VAZQUEZ REY"

**Organizado na Sede do BILLAR CLUB PONTEVEDRA**
**do 13 ao 28 de Xullo de 2018, baixo os auspicios da**
**XUNTA DE GALICIA e FEDERACION GALEGA DE BILLAR e con a colaboración do**
**EXCMO. CONCELLO e da EXCMA. DEPUTACION DE PONTEVEDRA**

**DISPOSICIÓNS CIRCUNSTANCIAIS**

| | |
|---|---|
| **Data de apertura:** | Segundo o número de participantes |
| **Local:** | **Billar Club Pontevedra**<br>Rúa Estrada, 9<br>**36004 - Pontevedra** |
| **Instrumentos de xogo:** | Mesas: 2 SAM<br>Bandas: Kleber<br>Bólas: Super Aramith Pro Cup<br>Panos: Royal Pro |
| **Mecanismo da proba:** | Segundoo Regulamento da R.F.E.B.<br>Os partidos disputaranse a: **40 Carambolas con límite de 50 Entradas**<br>**En horarios de 17:30 e 19:30**<br>**Los partidos de CUARTOS, SEMIFINAL Y FINAL se jugarán el sábada día 28** |
| **Inscricións:** | Aberto a todos os Xogadores da Comunidade Autónoma Galega, con Licenza Federativa en vigor.<br>As inscricións deben facerse ao teléfono: **695.679.593** |
| **Cota de Inscrición:** | 150 €. (Cento cincuenta euros) importe que deberá ser ingresado na conta corrente número: ES15-2080-0551-6230-4000-3630, aberta a nome da Federación Galega de Billar en ABANCA. No comprobante DEBERÁ constar o nome do xogador ao que corresponde e envialo mediante FAX ao número (986.290.666) da Federación Galega de Billar.<br>Os xogadores que teñan tramitada a súa licenza a través da Federación Galega de Billar terán unha bonificación de 120€ na cota de inscrición. |

| | |
|---|---|
| **Indemnizacións:** | Por partido gañado en Fase Previa:<br>Da mesma provincia **20,00 €**<br>Doutra provincia **35,00 €**<br><br>Por partido gañado en **Fase Final:**<br>Da mesma provincia **40,00 €**<br>Doutra provincia **50,00 €**<br>**Os premios en metálico dos CATRO primeiros clasificados, faránse efectivos no momento da entrega de Trofeos.** |
| **Trofeos:** | Trofeo aos 8 primeiros clasificados<br>Os trofeos e as indemnizacións aos catro primeiros clasificados entregaranse unha vez remate o partido final do torneo. En ningún caso serán entregados por delegación e, se o xogador ao que lle corresponda non se atopa presente no momento da entrega de trofeos, tanto o trofeo como a indemnización quedarán a beneficio da organización, sen que teña dereito a reclamación algunha (artigo 20 do Regulamento Interno e Deportivo da Federación Galega de Billar). Os Xogadores de fóra da provincia que queden clasificados do 5º ao 8º posto, poderán recollelo por delegación (Artigo 19.2 do citado regulamento). |
| **Peche de Inscrición:** | **5 de Xullo de 2018** |
| **Dirección deportiva:**<br>**Director Deportivo:** | **Xosé Luís Expósito**<br>**Luis Bustelo** **Tfno.: 657.867.121** |
| **Uniformidade:** | Polos sen peto, dunha soa cor, admitíndose cambio no mesmo en mangas e pescozo (nos de manga longa, só o ribete).<br>Esta prenda, dependendo do modelo, poderá levarse polo exterior do pantalón, a condición de que estea confeccionada de forma que esta se axuste á cintura mediante unha elástica, en caso contrario deberá levarse, obrigatoriamente, por dentro do pantalón.<br>Pantalón, calcetíns, zapatos e cinto, de cor negra.<br>Escudo do Club ou da Federación (si lle corresponde).<br>Non está permitido o uso de roupa vaqueira. |
| **Calendario de Xogo:** | Notificarase a todos os Clubs, unha vez confeccionada a Lista de Participantes. |
| **AVISO** | A organización non admitirá variación algunha nas normas de uniformidade nin inscricións fóra do prazo establecido. |

***A inscrición ao presente campionato leva implícita a cesión dos dereitos de imaxe para todo o relacionado con este evento deportivo.***

(Todos os eventos do calendario da FGB son considerados públicos e, polo tanto, os datos dos deportistas participantes son notorios, de proxección pública, moi especialmente cando se obteña podio ou recoñecemento deportivo e social, e polo tanto son datos onde predomina o interese histórico e deportivo da FGB, celebrados en lugares abertos ao público. Así será de aplicación o Artigo 8 da Lei Orgánica 1/1982, de 5 de maio, e o uso das imaxes queda publicamente aceptado e autorizado, respectando o dereito fundamental ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.)

**(No caso de non desexar outorgar o seu consentimento** para o tratamento dos datos anteriormente mencionados o deportista **non poderá participar no evento deportivo de NINGÚN MODO, incluso aínda que teña realizada e formalizada a súa inscrición**. Aínda así, no caso de que estea no lugar do evento aberto ao público, aínda sen participar, e a súa imaxe fose captada de forma accidental, será de aplicación o **Artigo 8.c** da Lei Orgánica 1/1982, como imaxe simplemente accesoria e poderá ser reproducida sen o seu consentimento, segundo o citado artigo legal.)